



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Econometría II		Código	611G01027
Titulación	Grao en Economía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Lado González, Eva M <sup>a</sup>	Correo electrónico	eva.lado@udc.es	
Profesorado	Lado González, Eva M <sup>a</sup> Lodeiro Hermida, Maria Jose Rey Graña, Carlota	Correo electrónico	eva.lado@udc.es maria.lodeiro@udc.es carlota.rey@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia é unha ampliación dos contidos da Econometría I impartida no primeiro cuatrimestre. Nela analízanse diversos temas de gran interese teórico e aplicado para a especificación e estimación de modelos econométricos.			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

- Non se realizarán cambios.

2. Metodoloxías

Metodoloxías docentes que se manteñen. Manteranse todas as metodoloxías docentes desenvolvidas na guía:

- Actividades iniciais
- Sesión maxistral
- Obradoiro
- Prácticas a través de TIC
- Proba obxectiva
- Atención personalizada

Metodoloxías docentes que se modifican:

No caso de semipresencialidade compartirase a docencia presencial coa non presencial e no caso de non presencialidade substituirase toda a docencia presencial polas clases en liña; en ambos os casos utilizarase a aplicación Teams para impartir a materia en modo non presencial.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. A resposta a través de calquera destes mecanismos realizarase, preferentemente, no horario de titorías do profesorado, salvo que a demanda de titorías personalizadas obrigue a unha extensión do horario anunciado.

- Correo electrónico: Diariamente, segundo as necesidades do alumnado. En calquera momento pódese utilizar esta ferramenta. É de utilidade para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento da materia.

- Teams: Tamén se utilizará Teams como medio de comunicación cos alumnos e para a realización das titorías individuais ou grupais, entendendo que esta ferramenta é máis áxil que o correo electrónico polo que poderá utilizarse diariamente, segundo as necesidades do alumnado.

- Moodle: Utilizarase o foro de noticias ou novidades de Moodle para poñer en coñecemento dos alumnos todos aqueles aspectos que afecten ao normal desenvolvemento da materia, mantendo desta forma un contacto permanente con eles (aviso sobre datas de probas, instrucións de realización das actividades, cualificacións, cambio dalgunha data sinalada, titorías, etc.).

4. Modificacións na avaliación

Observacións de avaliación: En canto á avaliación, tanto na modalidade de semipresencialidade como de non presencialidade, manteranse os criterios de avaliación expostos na guía docente, coa diferenza de que se eliminarán os mínimos necesarios nas probas obxectivas.

No caso de que a docencia se leve a cabo de maneira non presencial as probas de avaliación terán que ser realizadas a través da plataforma Moodle ou, de ser posible, a través de Teams, Forms ou calquera outra aplicación que permita a realización de probas e exames.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

- Non se realizarán cambios. Os alumnos terán á súa disposición materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle ou en Teams. Con independencia da modalidade docente poñeranse ao dispor dos alumnos numerosos materiais que permitan preparar os contidos teóricos e prácticos da materia, sendo Moodle ou Teams as aplicacións de referencia como repositorios de todo o material dispoñible para os alumnos.

Por outra banda, desde a biblioteca da Facultade de Economía e Empresa informouse, desde o inicio do confinamento polo COVID-19, do acceso aos recursos da biblioteca, que de forma gratuíta e en formato electrónico están dispoñibles tanto para o alumnado como para o profesorado.



## Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público.
A2	CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.
A3	CE3-Aportar racionalidade á análise e á descripción de calquera aspecto da realidade económica.
A4	CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A6	CE6-Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial.
A7	CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A9	CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A10	CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A11	CE11Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés.
A12	CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A13	CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1 - Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico
B7	CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora
B8	CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.
B9	CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Coñecer e comprender as consecuencias que sobre os estimadores MCO dos coeficientes do modelo clásico ten o incumprimento dalgunhas das súas hipóteses.	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12 A13	B1 B2 B3
Saber a forma en que un modelo econométrico pode incorporar información cualitativa.	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12 A13	B3 B4 B5 B6	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecer e comprender a forma en que os modelos dinámicos e os de ecuacións múltiples poden ser especificados e estimados.	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12 A13	B9	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecer e comprender a utilidade dos modelos econométricos para analizar as relacións económicas que se presentan na economía real.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13	B1 B3 B7 B8 B9	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Utilizar ferramentas informáticas adecuadas para a aplicación das competencias anteriores.	A7 A9 A10		C2 C3



Contidos	
Temas	Subtemas
1) O modelo de regresión lineal xeneralizado (MRLX)	1.1. Hipóteses do modelo. Consecuencias da estimación MCO deste modelo. 1.2. Os estimadores de mínimos cadrados xeneralizados (EMCX). Obtención. 1.3. Heterocedasticidade: estrutura, causas, contrastes, estimación e predición. 1.4. Autocorrelación: estrutura, causas, contrastes, estimación e predición.
2) As variables ficticias nos modelos econométricos.	2.1. Definición e incorporación ao modelo. 2.2. Contrastos de estabilidade da mostra.
3) Modelos de ecuacións simultáneas.	3.1. Introducción. Expresión do modelo. 3.2. Hipóteses que o definen. 3.3. Propiedades dos estimadores MCO. A estimación de variables instrumentais (VI). 3.4. A estimación de mínimos cadrados en dúas etapas (MC2E).

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 A7 A9 A11 B1	3	0	3
Sesión maxistral	A9 A11 B2 B8 B9	17	34	51
Obradoiro	A1 A3 A4 A8 A13 B3 B4 C1 C4 C5 C7 C8	15	30	45
Prácticas a través de TIC	A5 A6 A7 A10 A12 C2 C3	7	28	35
Proba obxectiva	B5 B6 B7 B8 C6	2	9	11
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O curso comezará cunha sesión expositiva na que se presentará a materia, exporanse con detalle as actividades a desenvolver polos alumnos e os criterios de avaliación e, finalmente, repasaranse os conceptos básicos das materias de econometría anteriormente cursadas.
Sesión maxistral	Docencia expositiva consistente en leccións impartidas polos profesores nas que se desenvolverá o contido teórico do programa mediante exposición oral complementada por medios audiovisuais. Inclúense exemplos e exercicios que permitan amosar a funcionalidade e limitacións dos métodos expostos.
Obradoiro	Cada taller é unha sesión interactiva na que se realizan aplicacións, exercicios e problemas que permiten aos alumnos comprender os fundamentos teóricos da materia e aprender a valorar, dende un punto de vista crítico, os resultados obtidos.
Prácticas a través de TIC	Trátase de sesións interactivas dedicadas á aprendizaxe das ferramentas informáticas apropiadas para efectuar aplicacións empíricas dos métodos expostos nas sesións teóricas.
Proba obxectiva	Proba escrita para avaliar o grao de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro Prácticas a través de TIC Proba obxectiva	<p>É o tempo que o profesor reserva para atender e resolver dúbidas ao alumnado, ben sexa de forma individual ou en pequenos grupos. A atención prestarase nas horas de clase, nas horas prácticas a través de TIC e no horario semanal de tutorías.</p> <p>A atención personalizada para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia prestarase principalmente no horario semanal de tutorías dos profesores.</p>
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A3 A4 A8 A13 B3 B4 C1 C4 C5 C7 C8	Recoméndase a presenza activa dos alumnos nestas clases, nas que deberán resolver e entregar os controis, problemas, exercicios e cuestións que lles sexan propostos e na forma que lles será indicada. Estas actividades computarán na avaliación ata un máximo de 3 puntos sobre 10.	30
Proba obxectiva	B5 B6 B7 B8 C6	Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Poderá combinar distintos tipos de preguntas de tipo teórico e práctico. Esta proba computará na avaliación ata un máximo de 7 puntos sobre 10.	70

#### Observacións avaliación



**A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN**

**1. Condicións de avaliación**

**1.1 Normas para a realización das probas de avaliación presenciais** Seguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, está prohibido acceder á aula na que a se celebre a proba con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, incluíndo apuntamentos da materia ou similares. Se unha persoa é vista cun dispositivo deste tipo ao seu alcance durante a proba, supoñerase que o emprega con ánimo de fraude e aplicarase a normativa correspondente. As persoas que traian dispositivos deste tipo o día da proba ?incluídos teléfonos móbiles ou reloxos intelixentes- e non teñan onde deixalos, deberán depositalos na entrada da aula antes do comezo da proba. O profesorado non se fai responsable da súa posible perda ou extravío.

**1.2 Normas para a realización das probas de avaliación controladas a través de Teams** As persoas que vaian realizar a proba deben estar conectadas a Teams en todo momento, salvo que se especifique o contrario de maneira expresa nas instrucións desa proba concreta. Se unha persoa se desconecta de Teams durante a realización da proba ou sae do campo de visión da cámara durante a súa realización, a proba considerarase non entregada. Cada estudante deberá ter a cámara web activada en todo momento; a desconexión da cámara considerarase equivalente a unha desconexión de Teams, e supoñerá que a proba se considere non entregada. O profesorado gravará a proba como garantía da identificación do estudantado e da realización do proceso de avaliación esixido pola Lei Orgánica de Universidades. É responsabilidade de cada estudante configurar o seu espazo para evitar a vulneración da intimidade ou dos datos persoais seus ou de terceiras persoas. En todo o relativo á gravación destas probas aplicarase estritamente a normativa da universidade. Salvo que se indique o contrario, aplicaranse as mesmas normas que nunha proba presencial: non se poderá acceder a ningún dispositivo que permita a comunicación con terceiros y/ou o almacenamento de información, incluíndo apuntamentos da materia ou similares, teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, tabletas, computadores, etc. Se unha persoa é vista cun dispositivo deste tipo ao seu alcance durante a proba, supoñerase que o emprega con ánimo de fraude e aplicarase a correspondente normativa.

**2. Identificación do estudante** O estudante deberá acreditar a súa identidade de acordo coa normativa vixente. Para iso o profesorado poderá requirir en calquera momento a identificación do estudante, quen deberá acreditarla mediante a tarxeta de estudante da UDC, o documento nacional de identidade, ou un documento identificativo que a xuízo do profesorado sexa equivalente aos anteriores.

**3. Procedemento de actuación ante a realización fraudulenta dunha actividade que computa na avaliación** A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para a convocatoria extraordinaria.

**B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN**

**1. Cualificación de non presentado** Seguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, só serán cualificadas con Non Presentado as persoas que se presentaron a actividades que en conxunto supoñan menos do 20% da nota final desa oportunidade.

**2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia** Aplicaráselle as mesmas normas de avaliación que ao estudantado matriculado a tempo completo, tanto na primeira oportunidade como na segunda. As persoas con recoñecemento de dedicación a tempo parcial están exentas da asistencia a clase, pero teñen a mesma obrigaçión de acudir a calquera tipo de proba de avaliación presencial que o estudantado a tempo completo.

**C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN**

**1. Primeira oportunidade** A avaliación da materia constará dun ou varios talleres e dunha proba obxectiva: os talleres terán unha cualificación máxima do 30% correspondendo o restante 70% da materia a unha proba obxectiva (ou exame liberatorio que se realizará ao finalizar o temario) na que se avaliarán os contidos da materia (temas 1, 2 e 3) sendo necesario obter un mínimo de 2.5 puntos sobre 7 nesta proba. Por tanto, para aprobar a materia é necesario alcanzar un mínimo de 2.5 puntos sobre 7 na proba obxectiva e obter polo menos 5 puntos na suma das cualificacións dos talleres e da proba obxectiva. Os alumnos que non superen a materia deste xeito ou que, superándoa así o desexen, poderán repetir a proba obxectiva (sobre 7 puntos) na data aprobada pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da primeira oportunidade. Se unha persoa se presenta ás dúas oportunidades (ás dúas probas obxectivas) a cualificación que se utilizará no cálculo da nota final será a do segundo intento, con independencia de que sexa maior ou menor que a obtida no primeiro. Dita cualificación sumarase ás cualificacións obtidas nos talleres realizados ao longo do curso. Para superar a materia obteranse polo menos 5 puntos (unha vez sumadas as cualificacións dos talleres e da proba obxectiva) cun mínimo de 2.5 puntos na proba obxectiva. Os alumnos que non alcanzasen a nota mínima na proba obxectiva (2.5 puntos sobre 7) e que no cómputo global da avaliación obtivesen unha puntuación igual ou superior a 5 puntos, non terán aprobada a materia e figurarán en actas cunha nota de 4.5.

**2. Segunda oportunidade** O exame de segunda oportunidade realizarase o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da segunda oportunidade. Nos talleres realizados durante o curso manterase a nota obtida na primeira oportunidade, de modo que non se repetirán na convocatoria de xullo. Por tanto, a cualificación da segunda oportunidade obterase sumando a nota dos talleres á da proba obxectiva (na que se deberá alcanzar a nota mínima de 2.5 puntos sobre 7). Para superar a materia a nota final deberá ser igual ou superior a 5 puntos. Os alumnos que non alcanzasen a nota mínima na proba obxectiva (2.5 puntos sobre 7) e que no cómputo global da avaliación obtivesen unha puntuación igual ou superior a 5 puntos, non terán aprobada a materia e figurarán en actas cunha nota de 4.5.

**3. Convocatoria adiantada** A avaliación correspondente á oportunidade adiantada desenvolverase a través dunha única proba que se celebrará na data e hora establecidas polo centro. Dita proba valorarase cun máximo de 10 puntos e terá como base o temario completo que se describe no apartado "Contidos" da guía do curso académico vixente. Para aprobar a materia será necesario obter un mínimo de 5 puntos nesta proba obxectiva. Estas condicións de avaliación son específicas para a oportunidade adiantada e só aplicaranse neste suposto.





## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Carrascal, U., González, Y. y Rodríguez, B. (2000). Análisis econométrico con EViews. RA-MA</li><li>- Guisán, M.C. (1997). Econometría. McGraw-Hill</li><li>- Gujarati, D. y Porter, D. (2011). Econometría. McGraw-Hill</li><li>- Fernández Gallastegui, Alonso (2004). Econometría. Pearson. Prentice Hall</li><li>- Ramil, M., Rey, C., Lodeiro, M., Arranz, M. (2013). Introducción a la Econometría. Noroeste S.L ISBN 13:978-84-92794-64-5</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Pena Trapero, J. et al (1999). Cien ejercicios de econometría. Pirámide</li><li>- Pulido, A. y Pérez, J. (2001). Modelos econométricos. Pirámide</li><li>- Ramil, M. y Arranz, M. (2001). Modelos de ecuaciones simultáneas. ISBN 84-688-6034-4</li><li>- Wooldridge, Jeffrey (2015). Introducción a la econometría. Un enfoque moderno.. Cengage Learning</li></ul> <p>A medida que se avanza no coñecemento das técnicas econométricas é recomendable a lectura de artigos enfocados a resolver problemas reais da economía. Poderanse utilizar, ademáis, outros libros de texto así como distintas fontes de datos e materiais dispoñibles na rede que se detallarán ao longo do curso.</p>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estatística I/611G01006  
Matemáticas I/611G01009  
Microeconomía e Mercados/611G01012  
Estatística II/611G01014  
Macroeconomía/611G01017  
Métodos Estadísticos e Introducción á Econometría/611G01019  
Econometría I/611G01022  
Matemáticas II/611G02010

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións

- 1) REQUISITOS PREVIOS É moi importante que os alumnos estean familiarizados cos contidos das materias de Introducción á Econometría e Econometría I.
- 2) OUTRAS CONSIDERACIÓNS
  - A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia solicitarase de modo virtual, en formato dixital e sen necesidade de imprimilos.
  - Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
  - Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso adecuado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

